



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

I.E.S. 12 DE OUTUBRO

Av. de Santiago, 2

32001 Ourense

Teléfono: 988788211

ies.12.outubro@edu.xunta.gal

www.12outubro.gal



FONDO SOCIAL EUROPEO
"El FSE invierte en tu futuro"

Club de Lectura de profesorado e familias. **Curso 2026-2027**

Un curso máis, poñemos en marcha o **Club de Lectura de Pais, Nais e Profesorado**, un espazo aberto ao encontro, á conversa e, sobre todo, ao pracer de compartir lecturas.

Ao longo do curso realizaremos **unha lectura por trimestre**, que posteriormente compartiremos e comentaremos nun encontro do club. Non se trata só de falar dos libros, senón de crear un espazo no que crear diferentes miradas e experiencias arredor da lectura. **O libro será cedido pola biblioteca.**


Fomentar o **hábito lector** é unha tarefa compartida. Como comunidade educativa, temos a responsabilidade de transmitir ás nenas e aos nenos que ler pode ser unha fonte de coñecemento, imaxinación, emoción e disfrute.

A primeira lectura será **A Casa Grande** de Olaia Sendón e agardamos contar coa presenza da autora no primeiro encontro.

O club pretende tamén ser un lugar para **crear comunidade**, coñecernos mellor, descubrir novas lecturas e dedicar un tempo a conversar sen présas arredor dun libro.

Se xa formas parte do club, agardamos contar contigo un curso máis. E se aínda non te animaches, **este é un bo momento para incorporarte** podes facelo escribindo ó correo **cpseara@edu.xunta.gal**

Carlos P. Seara
(coordinador da biblioteca)



IES 12 DE OUTUBRO

LECTURA • DIALOGO • COMUNIDADE

